



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

**ESTATUTOS
DE
APACAF**

**ASOCIACIÓN DE PAIS
DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA
DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR**





CENTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- 1º.- Procédese a adapta-los Estatutos da Asociación denominada "ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA DE CENTROS DE APOIO FAMILIAR" **APACAF**, con nº 126848 no Ministerio de Interior e E/816 na Consellería de Servizos Sociais e C.I.F. G-36792463

2º.- A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

- a.- Promoción, educación e integración social de persoas con discapacidade, especialmente persoas con Trastorno Xeralizado do Desenvolvemento e con Trastorno do Espectro Autista (TEA)
- b.- Xestión dos Centros de Apoio Familiar A Braña e A Penagrande, así como todos aqueles outros que a asociación decida asumir.
- c.- Realización de actividades de interese xeral para a sociedade.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, a Asociación poderá organiza-las seguintes actividades:

- a. Asumir a xestión, titularidade e responsabilidade económica, técnica e xurídica dos Centros de Apoio Familiar A Braña e A Penagrande así como todos aqueles outros que a asociación decida asumir.
- b. Promocionar e organizar actividades para o ocio e tempo libre do colectivo de persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA)
- c. Promocionar e organizar todas cantas actividades e servizos sexan necesarios para acadar os fins da Asociación.

Como Asociación sen ánimo de lucro destinarase ós devanditos fins polo menos o 100% das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto exceptuándose as aportacións efectuadas en concepto de dotación patrimonial.

Artigo 4º.- O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de Vigo, rúa de Placer, nº 5-3ºB, C.P. 36202, correo electrónico info@apacaf.org

Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro



de Asociacións. Para os efectos de comunicacións e notificacións sinálanse como preferentes as seguintes direccións:

a. Domicilio Social

Placer, 3-3ºB . 36202 Vigo. Pontevedra
Correo electrónico: info@apacaf.org



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

b. Centro "A Braña"

Lg./ Pereiro, 18. Berres. 36688 A Estrada. Pontevedra
Teléfono: 986 587475

c. Centro "A Penagrande"

Lg./ A Penagrande, 1. A Laxe. 36660 Moraña. Pontevedra
Teléfono: 986 686749

Artigo 5º.- A Asociación en funcións dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º.-

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados e das asociadas expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II DOS/AS SOCIOS/AS

Artigo 7º.- Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Que o soliciten voluntariamente e acaten os estatutos
- b. Que sexan familiares ou titores/as de persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA)
- c. Que colaboren activamente nos centros de apoio familiar

Artigo 8º.- Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de asociados/as:

8.1.- Asociados/as que cumpran os 3 requisitos descritos no artigo 7º:

- a) *Fundadores/as*, aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.
- b) *Numerarios/as*, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.

8.1.- Asociados/as que cumpran 2 requisitos descritos no artigo 7º:



- c) *Honorarios/as*, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) *Socio/a Colaborador/a*, aquelas persoas físicas ou xurídicas que compartan os valores da asociación e queiran colaborar ben con unha aportación económica ou ben adquirindo o compromiso na difusión deses valores e do coñecemento do autismo na sociedade.

Artigo 9º.- Os asociados e as asociadas teñen os seguintes dereitos:

- 1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
- 2. Poder elixir e ser elixidos/as para cargos directivos.
- 3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- 4. Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- 5. Ter copia destes Estatutos.
- 6. Ser informados/as sobre a composición da Xunta Directiva.
- 7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- 8. Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
- 9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 10º.- Son obrigas dos asociados e das asociadas:

- 1. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- 2. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos/as.
- 3. Asistir ás Asembleas Xerais.
- 4. Satisfacer as cotas que se establezan.
- 5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
- 6. Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Artigo 11º.- Os asociados e as asociadas honorarios/as e colaboradores/as non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante a solicitude deberá ser autorizada polo/a representante, pai, nai ou titor/a do/a solicitante e se acompañará unha acreditación da identidade do/a solicitante.

Artigo 13º.- A condición de asociado/a pérdese:

- 1. Por vontade propia.
- 2. Por falta de pago nas cotas.



3. Por realización de accións que prexudiquen gravemente aos intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 14º.- A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do/a interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/dunha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 15º.- Os/As asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun/dunha asociado/a cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de Réxime Interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 16º.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 17º.- A Xunta Directiva é o órgano reitor e de goberno da Asociación que ostentará as máis amplas facultades, atribucións e poderes para a dirección, administración e representación da mesma seguindo as directrices e disposicións emanadas da Asemblea Xeral.

Artigo 18º.- A Xunta Directiva estará formada por un/ha Presidente/a, un/ha Vicepresidente/a, un/ha Secretario/a, un/ha Tesoureiro/a e un/ha vogal, cargos que deberán recaer en asociados/as que leven polo menos un ano na Asociación. Estes cargos deberán manter confidencialidade sobre as deliberacións nas reunións de Xunta Directiva.

Artigo 19º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes seguindo os principios de igualdade




Elixíranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria, e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do/a sucesor/a ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un/ha substituto/a se se trata de renuncia voluntaria.

Artigo 20º.- É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designar as Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

A Xunta Directiva para o exercicio das súas funcións poderá estar asistida pola xerencia e demais persoal administrativo da asociación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 21º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o/a Presidente/a ou o/a Vicepresidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos/as seus/súas compoñentes. Será presidida polo/a Presidente/a e, na súa ausencia, polo Vicepresidente/a ou o/a Secretario/a, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos/as asistentes (3 de 5 membros), sendo necesaria a concurrencia, polo menos, de 3 dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do/a Presidente/a.

O/a Secretario/a ou, no seu defecto, o/a Vicepresidente/a levantará acta das sesións, que se transcribirán ao libro de actas.

Serán válidos os acordos de Xunta Directiva en sesión celebrada por videoconferencia ou conferencia telefónica múltiple sempre que se dispoña dos medios necesarios para a súa realización, se garanta a identificación dos/as asistentes, a continuidade da comunicación, a posibilidade de intervir nas deliberacións e a emisión de voto. Todo isto deberá ser expresado na acta da Xunta Directiva e nas certificacións dos acordos que, no seu caso, se expidan. En tal caso, a sesión de Xunta Directiva considerarase única e celebrada no lugar do domicilio social.

Artigo 22º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recabar das mesmas as informacións necesarias.





DA ASAMBLEA XERAL

Artigo 23º.- A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os/as integrantes da mesma. O/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea serán os/as mesmos/as que os/as da Xunta Directiva.

Artigo 24º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos/as socios/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao Presidente/a, autorizado/a coas firmas dos/as solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 25º.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase por correo ordinario ao domicilio dos/as asociados/as para as Asembleas Ordinarias e Extraordinarias

Artigo 26º.- Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aprobar a acta da reunión anterior.
2. Aprobar o plan de actividades.
3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 27º.- Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modificar os Estatutos da Asociación.
2. Elixir os/as integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras Asociacións.
4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da Asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave perxuízo para a Asociación.
11. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 28º.- Para que as asembleas poidan tomar acordos, integranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade mais un do



total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Serán válidos os acordos de asemblea en sesión celebrada por videoconferencia ou conferencia telefónica múltiple sempre que se dispoña dos medios necesarios para a súa realización, se garanta a identificación dos asistentes, a continuidade da comunicación, a posibilidade de intervir nas deliberacións e a emisión de voto. Todo isto deberá ser expresado na acta da asemblea e nas certificacións dos acordos que, no seu caso, se expidan. En tal caso, a sesión da asemblea considerarase única e celebrada no lugar do domicilio social.

Artigo 29º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos/as asistentes ou representados/as, excepto os relativos aos apartados 1 ó 7 do artigo 27, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ao libro de Actas e asignará o/a Presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

Artigo 30º.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos/as os/as asociados/as, incluso aos/ás non asistentes.

As sesións abranse cando así o determine o/a Presidente/a. Seguidamente procederase por parte do/a Secretario/a á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o/a Secretario/a procederá a plantexar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados todos os asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos/as asociados/as inscritos no libro de membros, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do/a Presidente/a.

Artigo 31º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

FUNCIÓN DO/A PRESIDENTE/A

Artigo 32º.- O/a Presidente/a da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- Propoñer o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- Representar á Asociación perante calquera organismo xudicial ou extraxudicial sen máis limitacións que as establecidas nestes



Estatutos, podendo outorgar poderes a estes efectos previo acordo da Xunta Directiva.

- e) Firmar as actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación indistintamente co/a Secretario/a, Tesoureiro/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O/a Presidente/a será asistido nas súas funcións por un/ha Vicepresidente/a, que, ademais, substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

FUNCIÓNS DO/A SECRETARIO/A

Artigo 33º.- O/a Secretario/a ou, no seu defecto, o/a Vicepresidente/a levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas. Correspóndelle así mesmo notificar as convocatorias e custodiar as actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do/a Presidente/a.

Ao/á Secretario/a correspóndelle tamén supervisar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ao efecto.

FUNCIÓNS DO/A TESOUREIRO/A

Artigo 34º.- O/a Tesoureiro/a supervisará a recadación e custodia dos fondos pertencentes á Asociación, as ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a, a contabilidade da Asociación, os ingresos e gastos asociativos, a elaboración dos orzamentos así como as contas de resultados e balances e participará en todas as operacións de orde económico. Supervisará o peche do exercicio orzamentario anual para ser presentado á xunta directiva e á asemblea ordinaria da asociación para a súa aprobación.

FUNCIÓNS DO/A VOGAL

Artigo 35º.- O/a vogal terá as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 36º.- A Asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de 3.000 Euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 37º.- A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será supervisado polo/a Tesoureiro/a da Asociación, que



deberá estar preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 38º.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39º.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 40º.- Anualmente con referencia ao ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 41º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 42º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a; estas dúas sinaturas serán utilizadas de forma indistinta.

Artigo 43º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 44º.- O Regulamento de Réxime Interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.



CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 45º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou 1/4 dos/as socios/as. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 46º.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios/as.


Artigo 47º.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos/as asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 48º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores/as, que xunto o/a Presidente e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 49º.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase preferentemente á Fundación FUNDITEA (*"Fundación Tutelar para a promoción de persoas con Discapacidade particularmente Trastorno do Espectro Autista"*), ou a calquera outra entidade ou entidades beneficiarias do mecenado que persigan fins de interese xeral, que estean inscritas na Comunidade Autónoma e que teñan os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.



Dilixencia:

Don José Castro Vázquez, con DNI: 36057939-B, na súa calidade de Secretario da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar, APACAF, fai constar que os presentes Estatutos modificados en asemblea xeral extraordinaria celebrada o día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e un o son para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS
ESTATUTOS VISADOS

Vigo, 30 de xuño de 2021

O secretario
José Castro Vázquez

Vº Prace A Presidenta
Mª José Ferradán Villar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Quedan VISADOS e incorporados ó Rexistro Central desta
Comunidade Autónoma, nº de Rexistro Asociación, 2004/1.6990-7a

Santiago de Compostela

10 SET. 2020

O/A ENCARGADO/A DO REXISTRO

David Cayo Samartín

